



RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/20004

Feitos

Con data do 21.12.2025 Carolina Rosende Bautista, secretaria da comisión de selección da praza 25/20004, de profesor/a permanente laboral da área de coñecemento de Enfermaría (Podoloxía) do departamento de Ciencias da Saúde, comunica que Daniel López López, representante das persoas traballadoras de esa comisión, non pode actuar na mesma por unha causa sobrevida.

Consideracións legais e técnicas

O artigo 6.7 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024 establece que nas prazas do ámbito laboral formará parte das comisións de selección un membro proposto pola representación dos/as traballadores/as, que actuará con voz e sen voto.

O artigo 6.10 da citada normativa indica que o nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra unha causa xustificada que impida a súa actuación, como é este caso.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 126 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 94/2025 do 6 de outubro, (DOG do 27 de outubro).

De acordo co indicado, dispón a seguinte substitución, para a comisión da praza indicada:

Representante das persoas traballadoras: substitúese a Daniel López López por Pedro Gil Manso, proposto polo comité de empresa o 22.12.2025.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández